

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE XANEIRO DE 2017**

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á denegación da ampliación do prazo do contrato de "Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume para a policía local do Concello de Santiago de Compostela".** Acórdase denegar a ampliación do prazo de entrega de 60 días incluído no contrato suscrito con Autos Iglesias para o subministro de oito vehículos monovolume para a Policía Local e, polo tanto, impoñer unha penalización de 618,66 euros polos nove días de demora acumulados na entrega.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á transmisión da licenza de taxi número 129, a favor de D.JOSÉ TOMÉ LOURIDO.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto de reforma do pavillón municipal "Apóstolo Santiago".** Apróbase o proxecto básico e de execución das obras de reforma do pavillón municipal de Apóstolo Santiago, que terán un importe de 287.980 euros, IVE incluído. O contrato terá un prazo máximo de execución de catro meses.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade dando conta da concesión da subvención ao transporte colectivo urbano conforme ás bases establecidas no artigo 104 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de presupostos xerais do Estado para 2016.** Dase conta da concesión dunha subvención ao transporte colectivo urbano por un importe de 368.839,55 euros

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á subsanación do punto nº 2 da sesión da Xunta de Goberno de data 27.12.16; relativo á resolución do contrato para a redacción do proxecto e dirección facultativa das obras de reurbanización das rúas de Montero Ríos e Doutor Teixeiro.** Apróbase a proposta.

**6 a 50.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.** Apróbase a proposta.

**51.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á cesión de uso en precario a CÁRITAS DIOCESANA do baixo E, sito na rúa Roma, nº 5, de Fontiñas para actividades do programa ABEIRO.** Apróbase a proposta.

**52.- Dar conta da proposta da Alcaldía dirixida ao Pleno da Corporación, relativa á adhesión á Asociación de concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago e á aprobación da proposta de Estatutos para a constitución e funcionamento da mesma.** Dáse conta

## URXENCIAS

**1.- Proposta de alcaldía relativa á solicitude dunha subvención á Deputación da Coruña para a creación, mantemento e reforzo de servizos de normalización lingüística.** Acórdase solicitar unha axuda dun máximo de 12.000 euros para o reforzo do servizo de normalización lingüística ao abeiro da convocatoria de subvencións provinciais (ano 2017) de concorrencia competitiva. De ser resolta favorablemente esta solicitude tramitarase a contratación dun/unha técnico/a de normalización lingüística, cun custo total estimado de 45.103,44 euros.

**2.-Proposta de alcaldía relativa á devolución da fianza para responder do contrato de concesión administrativa do uso do local nº 3 da nave 5 da Praza de Abastos.** Apróbase a proposta.

**3.-Proposta de alcaldía relativa á devolución da fianza para responder do contrato de obras para a mellora de mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre-Fase II.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente das obras de mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viarios das parroquias de Vilvestro, O Eixo e Aríns (Pas 2015).** Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación das obras, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 134.180,44 euros, máis IVE de 28.177,89 euros.

**5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente das obras de mellora e pavimentación dos viarios nas parroquias de Busto e Marantes (POS 2016).** Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto,establecéndose un tipo de licitación de 148.968,49 euros, máis IVE de 31.283,38 euros.

**6.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á resolución do contrato de prestación do servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da UMAD.** Acórdase a resolución do contrato coa empresa SEGUR IBÉRICA ao atoparse en concurso, segundo declarado polo xulgado do mercantil nº 3 de Madrid. Consonte ao establecido legalmente, acórdase darlle audiencia ao contratista polo período de dez días naturais para que manifieste o que considere conveniente en relación á resolución do contrato. Acórdase tamén iniciar o procedemento da declaración de prohibición de contratar contra SEGUR Ibérica SA.

**7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de subministro e instalación de elementos novos para a renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Lappset España VR SL, por un importe de 61.274 euros, máis IVE de 12.867,54 euros ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.